



CARBALLO. CAMIÑANDO ENTRE OBRAS DE ARTE

Adela Leiro, Mon Daporta
novembro 2021



Distancia: ata 12 km
Dificultade: baixa

Achegámonos a Carballo para facer unha camiñada para ver as creacións artísticas realizadas por muralistas galegos e galegas e de outras partes do mundo, en pinches e traseiras de casas e edificios; intervencións que converten espazos pouco afortunados, cunha forte pegada negativa na estética urbana, en puntos de atención, atracción e interese.


Calquera que guste das expresións artísticas non pode deixar de facer un percorrido pola vila, mais para sacarlle un axeitado rendemento debe ir ben informado, provisto dun bo plano -que se pode ver na páxina de Carballo Turismo-, e de tempo abondo para perderse, equivocarse, volver sobre os pasos dados... para ir pasando da sorpresa a admiración diante do número (máis de un cento) e a magnitud de moitas das obras, que inclúen tamaños variados, temáticas diversas, estilos diferentes -da abstracción ao hiperrealismo, incluídas moitas outras formas de expresión intermedias-, e moi súa calidade técnica e artística. E áinda que un, ou unha, non sexa experto nin coñecedor da arte quedará gratamente sorprendido e admirado por algunha das características das obras (detalle, perfección, monumentalidade, riqueza cromática...). O único aspecto que podemos considerar negativo, áinda que é inherente a este tipo de obras e aos materiais cos que están feitas, é que a algunas das más antigas nótaselle o paso dos anos, o inevitable efecto que produce sobre as súas cores a exposición aos elementos, mais, con todo, a visita ben paga a pena.

Derrubando muros con pintura, é un proxecto que abrangue o conxunto de todas as intervencións artísticas realizadas ao longo de todo o ano por talentos locais, principalmente, da comarca e de vilas próximas a Carballo, e mesmo por algunas colaboracións internacionais. Comezou a finais de 2013 con "O Carballo" de Paula Fraile e Roberta Venanzi.

A iniciativa conseguiu "derrubar" boa parte do feísmo das rúas "construíndo" novos espazos cheos de cor que ofrecen unha imaxe embelecida e vanguardista, que é un dos principais atractivos de Carballo.

<https://derrubandomuros.gal/gl/derrubando-muros/>

O **Rexenerafest** (Festival Internacional de Arte Pública de Carballo), é o evento que dentro do proxecto xeral *Derrubando muros con pintura*, reune cada ano, durante unha semana, varios artistas de renome internacional do mundo da arte urbana. Durante o festival pódese contemplar a actividade dos e das artistas en directo, así como asistir a conferencias e clases prácticas.



MAPA:

<https://www.google.com/maps/d/embed?mid=17ow7s8iLQOZL0UfokSx9rlbib2c&ll=43.213754544595325%2C8.690761549707071&z=15>



PERCORRIDO

O roteiro dos murais está articulado en cinco itinerarios, de entre 1 e 2 km de lonxitude, que se poden combinar para facer en conxunto unha ducia de quilómetros, sen perdernos moitas veces, ao longo dos que, ao tempo que imos vendo as diferentes etapas da evolución urbana da vila, experimentaremos unha completa lección práctica de orientación e manexo de planos.



Carballo acolle case un cento de murais e algúns contan con cartaces informativos.

2013



O Carballo". Paula Fraile e Roberta Venanzi. 2013. O primeiro mural.

2014



"O lápis do grafiteiro", Sokram



"A harmonía do contraste" Roberta Venanzi



"Psicodelia", Paula Fraile



"O paraíso de Eva" Alita



"Saltimbanquis" Emi de las Heras




"Rosalía" A. Taracido



"Carapuchiña feroz",
Carlos Fernández Concheiro
e Susana Llorente

2015

Forum de Carballo



"Dualidade", Aryz



"Galician Wildlife", Dulk



"Trasherpillar"
Bordalo

2015



"Pena da Moura", Nómada



"Historias esquecidas no fondo do mar", Alita



"Eu vivo nun bote", Lola Oviedo



"Sen título"
Pixel Pancho



"Músico"
Eva Facal



"Ofelia" Nana



"In Ictu Oculi"
Emi de las Heras

2016



"I missed you", Natalia Rak



Sen título, Case Maclaim



"O silencio no medio da tormenta" Isaac Mahow



"Representación de serpes de auga II", Alita e Laura Toba



"Cara liberdade", O Mighelo



"De camiño vou"
Mon Lendoiro

Colectiva
RexeneraFest
2016



"Morriña" Hyuro



"Home Carballo", Nö3l

2017



Powone



"Elefante", Mon Lendoiro



Curiot



"Vergoña", Sekone



"Costa da Morte", Cinta Vidal



Traballo de obradoiro BTOY




2017



Sen título, Saturno



"Vida sinxela"
Nada (Iria Fafián)



"Tribu humana", Jorit



"O sistema"
Emi de las Heras



"Visitando
o consultorio"
Curiot



"Espello" Animalitoland

2018




"A orixe", MOU



"Balea", Rakele



"Artemisia vulgaris", Doa



SPOK

2018



Sen Título, Lula Goce



"Conxuro para unha estabilidade", Milu Correch



"Petric Mater", Boscoletti



"A eira das meigas"
Nana e Nada



"Tachar as pintadas dunha rúa", San (Daniel Muñoz)

2019



"Sen título", PichiAvo



"Máscara negra nos baños termais"
Marina Capdevila



"Fronte ao océano", Millo



"Conxuro contra o amo", Milu Correch



"Sen título", Lidia Cao




"Sen título", Satr

2020



"Din que chove", RESKATE



"Helen", Elisa Capdevila



"Resiliencia", Sabek



"Entropías e distopías", Sokram



"Terra e mar", Xoana Alma

2021



"Disfraces de Pandemia, Vecíños vixiantes e unha nai solteira". Franco Fasoli.



MØU



"Crianças"
Nazaret Franco



"Blade Trinity", Van Vúu



"Pedra do Sal",
Tucho



"Homenaxe a Buño"
Marta Lapeña



"A libertade interior" Nerea Rama



"O meu escudo protector", Ana Langeheldt

VARIOS



25 aniversario do irmandomento entre Carballo e 'L'Isle Jourdain.
Santiago Picos e Cristina Castro.